



# BOP

XOVES, 1 DE AGOSTO DE 2024

N.º 177

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (SERVIZO DE DEPORTES)

##### Anuncio

#### SUBVENCIONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2024. ACORDO DE CONCESIÓN DEFINITIVA.

Para os efectos oportunos, en relación á convocatoria de subvencions destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2024, a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 28 de xuño de 2024, acordou:

**Primeiro.** *Aprobar o acordo de concesión provisional de subvencions en réxime de concorrencia competitiva destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo, anualidade 2024, de acordo aos criterios xerais para a valoración das solicitudes reflectidos na base 6 e ao previsto na base 7 respecto do importe e cálculo da subvención das bases da convocatoria, segundo as especificacións que constan nas listaxes que se achegan anexadas á acta da Comisión de avaliación.*

**Segundo.** *O presente acordo de carácter provisional, terá carácter definitivo no caso de finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e procederase á publicación no BOP e na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org) do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos.*

**Terceiro.** *Notificar o presente acordo provisional aos interesados de acordo ao previsto na base 10 da convocatoria, concedéndolles un prazo de dez días para presentar alegacións.*

De acordo co punto 10. *Acordos de concesión e notificacións, Acordo de concesión provisional*, das bases da convocatoria, procedeuse á publicación no BOP núm. 156, do sábado, 06 de xullo de 2024 (**Acordo provisional concorrencia competitiva 2024 (páx.2, R.2013)**) da notificación aos interesados do acordo de concesión provisional, concedéndolles un prazo de dez (10) días hábiles a contar a partir do día seguinte ao da publicación no BOP para a presentación de alegacións. O referido anuncio tamén se publicou na páxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

En consecuencia e en aplicación do referido acordo e das previsións recollidas nas bases da convocatoria, o acordo de concesión provisional da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo en sesión celebrada o 28 de xuño de 2024, terá carácter definitivo por finalizar o tramite de audiencia sen que se formulasen alegacións e, en consecuencia, procédese á publicación no BOP do anuncio correspondente para o seu coñecemento e efectos oportunos. O referido anuncio tamén se publicará na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org)

Ao abeiro do previsto no punto 10. *Acordos de concesión e notificacións*, das Bases da convocatoria e do disposto no artigo 45 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), o acordo de concesión definitiva do procedemento non será obxecto de notificación individualizada senón que será obxecto de notificación por medio de publicación no BOP. Así mesmo, o citado acordo publicarase na paxina web da Deputación de Lugo [www.deputacionlugo.org](http://www.deputacionlugo.org).

O que se notifica aos efectos oportunos. Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co previsto no punto 21. *Réxime de recursos* das Bases da convocatoria, e do disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio administrativo.

Todo iso sen prexuízo de calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

Lugo, 26 de xullo de 2024.- O PRESIDENTE, P.D. Decreto de data 04-07-2023 O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón. O SECRETARIO P.S. A SECRETARIA-INTERVENTORA, Montserrat Conde López.

R. 2280

## CONCELLOS

### ABADÍN

#### *Anuncio*

Exposición pública e anuncio de cobranza - Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 22.07.2024 aprobou inicialmente o padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2024, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### **Anuncio de cobranza**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 22 de xullo de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2201

**CASTROVERDE***Anuncio***SUBSTITUCIÓN DO ALCALDE**

Faise público que con data do 23 de xullo de 2024, polo Sr. Alcalde-Presidente ditouse a seguinte Resolución:

Considerando que o Sr. Alcalde, don Xosé María Arias Fernández, desfrutará dun período vacacional comprendido entre os días 1 a 10 de AGOSTO de 2024 (ambos inclusive) o que impedirá poder realizar as funcións correspondentes ao Alcalde detalladas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local

Considerando o anteriormente exposto e tendo en conta que o funcionamento dos servizos municipais debe seguir desenvolvéndose con normalidade, polo presente e ao amparo e con aplicación do establecido na lexislación vixente, máis concretamente o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, así como 44 e 47 do RD 2568(1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**RESOLVO:**

Primeiro.- Delegar as funcións do Alcalde, na Primeira Tenente de Alcalde deste Concello, dona M<sup>a</sup> del Pilar Ferreiro Vilar, durante o período comprendido entre os días 1 a 10 de AGOSTO de 2024 (ambos inclusive) e polos motivos antes indicados

Segundo.- Notificar á Primeira Tenente de Alcalde, dona M<sup>a</sup> del Pilar Ferreiro Vilar a presente delegación de funcións, aos efectos oportunos

Terceiro.- O presente decreto se publicará no Boletín oficial da provincia así como no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Castroverde

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

Ordénao e asínao o Sr. Alcalde, na data electrónica ao marxe.

Pola secretaria tómase razón para súa transcripción no Libro de Resolucións, aos sos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

Castroverde, 24 de xullo de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2282

*Anuncio***Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 8/2024.**

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 11 de xullo de 2024 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 8/2024, na modalidade de suplemento de crédito

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 24 de xullo de 2024.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 2283

**A FONSAGRADA***Anuncio***Aprobación do padrón do servizo de asistencia ao fogar no mes de xuño do 2024**

Aprobado por Decreto de Alcaldía do 24 de xullo de 2024, o Padrón de contribuíntes do prezo público do Servizo de Axuda no Fogar, na modalidade de libre concorrencia ou prestación básica e de dependencia,

correspondente ao mes de xuño de 2024, polo importe total de 13.347,37€ (dependencia) e 316,41€ (prestación básica).

Por medio do presente expónse ao público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, tanto en vía administrativa (artigos 123 e 124 da LPAC), coma na vía contenciosa (artigos 19, 25 e 46 da LJCA)

O que se fai público para xeral coñecemento e aos efectos de que sirva de notificación colectiva de conformidade co establecido na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

A Fonsagrada, 24 de xullo de 2024.- O Alcalde, Carlos López López.

R. 2284

## LÁNCARA

### *Anuncio*

O Pleno do Concello de Lánacara en sesión ordinaria realizada o día 30 de maio de 2024, acordou a provisionalmente a imposición e ordenación da taxa pola a utilización ou aproveitamento do dominio público local con motivo da ocupación do solo para actividades lucrativas e aproveitamentos especiais no concello de Lánacara. O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 136, de data 13 de xuño de 2024, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe logo da modificación:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR utilización privativa ou aproveitamento do dominio público local mediante a ocupación de terreos POR ACTIVIDADES LUCRATIVAS

#### ARTIGO 1.- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades contidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española, de acordo co disposto nos artigos 105 e 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e nos artigos 15 a 27, e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, esta Ordenanza regula a taxa por ocupación do solo de dominio público para actividades lucrativas e particulares.

#### ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible da taxa, a utilización ou aproveitamento do dominio público local con motivo da ocupación do solo para actividades lucrativas e aproveitamentos especiais do dominio público local en todo o termo municipal, tanto nos casos en que as utilizacións ou aproveitamentos sexan consecuencia de concesións, autorizacións ou outra forma de adxudicación por parte dos órganos competentes da Administración municipal, como nos casos en que tales utilizacións ou aproveitamentos teñan lugar sen as necesarias concesións ou autorizacións.

#### ARTIGO 3.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que gocen, utilicen ou aproveiten o dominio público local en beneficio particular conforme a algún dos supostos previstos no artigo anterior.

Aos efectos do apartado anterior entenderase que resultan especialmente beneficiados pola utilización ou aproveitamento do dominio público local aquelas persoas ou entidades solicitantes de licenza ben para a propia utilización ou aproveitamento ou para a actividade que a requira. No entanto, e no caso de que non se obtivera a oportuna autorización, considerarase beneficiado e, por tanto, suxeito pasivo a persoa ou entidade a cuxo favor se estea efectuando a utilización ou aproveitamento ou o titular dos elementos físicos empregados.

#### ARTIGO 4.- EXENCIÓNS, REDUCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Están exentos do pago da taxa regulada nesta Ordenanza: o Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades locais pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais inherentes aos servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por todos os que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional. Salvo o disposto no apartado anterior previsto en a Lei de Facendas Locais, non se concederán máis exencións ou bonificacións que as que expresamente establezan as leis ou as derivadas da aplicación dos Tratados Internacionais.

A utilización do dominio público polas Comisións de festas con motivo da celebración de festas populares nas parroquias será obxecto dunha bonificación do 100% do importe da taxa.

Establécese unha bonificación do 50% do importe da taxa na zona 2 para o período maio a setembro para as autorizacións referidas ó ano natural dos días 2 e 17 de cada mes.

#### ARTIGO 6.- TARIFAS

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza, será a fixada na Tarifa contida a continuación, en función da zona, índice de intensidade de uso, índice de estacionalidade, índice de temporalidade, porcentaxe de aproveitamento e do índice de rendibilidade, así como da superficie cuxa ocupación queda autorizada en virtude da licenza ou a realmente ocupada, se fose maior.

2.- As tarifas das taxas serán as seguintes:

Categoría zona	Importe taxa	Coefficiente outubro a abril, -0,5	Coefficiente Feira 1 de maio
Zona 1: Rúa Benigno Quiroga-resto do solo urbano	0,95 €/m <sup>2</sup> x día	--	1,25 €/m <sup>2</sup> x día
Zona 2: Campo da Feira	0,83 €/m <sup>2</sup> x día	0,47 €/m <sup>2</sup> x día	1,42 €/m <sup>2</sup> x día

#### ARTIGO 7.- NORMAS DE XESTIÓN.

1.- A taxa regulada nesta Ordenanza é independente e compatible con todas as ocupacións nela reguladas, e exixirase en réxime de autoliquidación.

2.-As cantidades esixibles con arranxo á Tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado.

O aproveitamentos solicitados e autorizados carácter anual para as feiras do 2 e 17 de cada mes, autoliquidaranse no mes de xaneiro, con pago trimestral nos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro.

3.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza, e formular declaración na que conste a superficie de aproveitamento e os elementos a instalar, así como un plano detallado da superficie que se pretende ocupar e da súa situación dentro do municipio.

4.- Os interesados na ocupación da vía deberán achegar á solicitud a seguinte documentación:

- Certificado de acharse ao corrente das obrigacións Tributarias e de a Seguridade Social.
- Fotocopia do DNI, CIF ou Pasaporte.
- Fotocopia do Alta como autónomo na Seguridade Social.
- Fotocopia do Alta no Imposto de Actividades Económicas.
- Fotocopia do recibo en vigor do Seguro de Responsabilidade Civil que cubra calquera clase de risco derivado do exercicio da súa actividade comercial.
- Documentación técnica preceptiva para o caso de atraccións.
- Fotocopia compulsada do Carné de Manipulador de Alimentos, en caso de postos de alimentación e/ou bebidas.

5.- Os servizos municipais comprobarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non atopar diferenzas coas peticións de licenzas. Se se desen diferenzas, notificaranse aos interesados e xiraranse no seu caso as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez emendadas as diferenzas polos interesados e no seu caso, unha vez realizados os ingresos complementarios que procedan.

6.- En caso de denegarse as autorizacións, os interesados, poderán solicitar a este Concello, a devolución do importe ingresado, sempre que non se realizara a efectiva ocupación.

7.- Non poderá gozarse dun aproveitamento da vía pública ata que fose ingresado o importe da taxa e fose outorgada a correspondente licenza.

8.- Unha vez autorizada a ocupación as licenzas anuais entenderanse prorrogadas mentres non se acorde a súa caducidade pola Alcaldía ou se presente baixa xustificada polo interesado ou polos seus lexítimos representantes en caso de falecemento.

9.- A presentación de baixa fornecerá efecto dende a data da súa presentación.

10.- As autorizacións terán carácter persoal e non poderán ser cedidas ou subarrendadas a terceiros. O incumprimento deste mandato dará lugar á anulación da licenza.

11.- O concello terá a posibilidade de sacar a concurso ou poxa os aproveitamentos que nesta ordenanza se regulan.

Cando se utilicen os procedementos de licitación pública, o importe da taxa virá determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación. En todo caso, a contía mínima que servirá de base para cada concesión será a da tarifa fixada nesta Ordenanza.

Procederase con antelación á adxudicación, á formalización dun plano dos terreos dispoñibles, numerando as parcelas que deban de ser obxecto de licitación e sinalando a superficie.

Se algún concesionario dos aproveitamentos utilizase maior superficie que a que lle foi adxudicada, satisfará por cada metro cadrado utilizado de máis, o cento por cento do importe da puxanza, ademais da contía fixada nas Tarifas.

Os postos das feiras de 2 e 17 de cada mes que se soliciten con carácter anual poden ser obxecto de adxudicación directa polas especialidades e o carácter consuetudinario de ditos aproveitamentos.

#### ARTIGO 8.- AUTORIZACIÓNS

1.- Á vista da documentación presentada, a Alcaldía concederá as autorizacións aos peticionarios que reúnan todos os requisitos e existan prazas suficientes para o número de solicitudes. Se existisen máis solicitudes que prazas, procederase ó seu otorgamento mediante sorteo. Os restantes constituirán unha lista de espera, que terá preferencia ante calquera vacante ou suspensión que se produza.

2.- Non se concederá licenza algunha a quen teña débitos por algún dos conceptos regulados nesta Taxa, de exercicios anteriores.

3.- Só se poderá conceder unha autorización por cada alta no imposto sobre actividades económicas.

4.- A persoa autorizada deberá ter nun lugar visible, a autorización do Concello e en todo momento a disposición da autoridade municipal.

#### ARTIGO 9.- DEVINDICACIÓN

A taxa devindicase desde o momento que se inicie a ocupación da vía pública. Para ese efecto devindicase a taxa, mesmo nos días en que se monten ou desmonten as instalacións, aínda cando non se realice actividade mercantil.

#### ARTIGO 10.- OBRIGACIÓN DE PAGO.

A obrigaçión de pago da taxa regulada nesta Ordenanza nace no momento de solicitar a correspondente licenza, debéndose realizar o pago con carácter previo á concesión da licenza.

Tratándose de concesións de aproveitamento autorizados con carácter anual regulados no artigo 7.2, o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na tarifa.

#### ARTIGO 11.- O PAGO DA TAXA.

1.- A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

2.- A taxa deberase pagar previamente a que se inicie a ocupación do dominio público. O ingreso da cota liquidada non faculta para a utilización privativa ou para o aproveitamento especial do dominio público municipal, que só poderán ter lugar mediante as licenzas, autorizacións ou concesións outorgadas ó efecto.

O pago da taxa terá a carácter de ingreso a conta para o caso que finalmente non se autorice ou efectivamente non se ocupe o dominio público municipal.

A falta de pago da taxa autoliquidada esixirase pola vía de constrinximento.

3.- A non presentación de autoliquidacións nos prazos e condicións establecidos comportará a exhibibilidade de recargas e, no seu caso, a imposición de sancións, conforme ao que prevé a LXT.

En caso de existir cotas non satisfeitas, esixiranse polo procedemento administrativo de prema, segundo o disposto no Regulamento Xeral de Recadación.

#### ARTIGO 12.- INFRACCIÓN

Constitúen infraccións os feitos e condutas seguintes:

A venda practicada fóra dos perímetros autorizados, ou ben transgredindo os días ou o horario establecido.

A venda practicada sen exhibir de maneira visible e permanente na parada de venda, a correspondente autorización.

A negativa ou a resistencia a fornecer datos ou facilitar a información requirida polas servizos municipais para o cumprimento das funcións de información inexacta ou documentación falsa.

A resistencia, a coacción, a represalia contra os funcionarios facultados para o exercicio da función de investigación, de vixancia ou inspección.

#### ARTIGO 13.- CUALIFICACIÓN DAS INFRACCIÓNNS

As infraccións cualificaranse como leves, graves e moi graves, en función dos seguintes criterios:

Consideraranse infraccións leves:

- 1.- As simples irregularidades no cumprimento do que prescribe nesta Ordenanza, sempre que non causen prexuízo directo de carácter económico.
- 2.- Cando non sexa procedente cualificalas de graves ou moi graves.

Consideraranse infraccións graves:

- 1.- A reincidencia por cuarta ou posteriores veces na comisión de faltas leves.
- 2.- As infraccións que causen prexuízos de carácter económico, aínda que se dean simples irregularidades.
- 3.- Instalar postos ou exercer a actividade sen autorización municipal. Neste suposto imporase polo órgano competente, a sanción establecida no seu grao máximo, todo iso sen prexuízo (no caso que proceda) de que sexa ordenada de inmediato a retirada de todos os elementos instalados e sen prexuízo de realizar a liquidación que corresponda polo tempo ocupado sen licenza. No caso de que fose incumprida a expresada orde poderá retiralos o Concello mediante execución á conta do interesado, dando lugar a inhabilitación para sucesivas autorizacións.
- 4.- Cando non sexa procedente cualificalas de moi graves.

Consideraranse infraccións moi graves:

- 1.- A reincidencia de infraccións graves.
- 2.- As infraccións que dean ou poidan dar lugar a prexuízos que, pola súa importancia, alterasen gravemente as relacións socioeconómicas ou sexan susceptibles de producir graves alteracións.

#### ARTIGO 14.- SANCIÓNNS

1.- As sancións aplicables serán as seguintes:

Por faltas leves, apercibimento ou multa ata 750 €.

Por faltas graves, multa de ata 1.500 €.

Por faltas moi graves, multa de ata 3.000 €.

2.- As sancións graduaranse especialmente en función de:

A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades.

A intensidade da perturbación causada á salubridade ou ornato públicos.

A intensidade da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público por parte das persoas con dereito a utilizalos.

A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dun servizo público.

A intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público.

#### DISPOSICIÓN FINAL

Unha vez se efectúe a publicación do texto íntegro da presente ordenanza no BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE LUGO, entrará en vigor, con efecto desde o día seguinte á súa publicación, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación."

Contra o acordo polo que se aproba esta ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo nas formas e prazos que establecen as normas reguladoras de dita xurisdición.

Láncara, 29 de xullo de 2024.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López.

R. 2285

**MONDOÑEDO***Anuncio***EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN SOBRE A TITULARIDADE do paso que se sitúa ao longo do peche construído no lugar de Vigo, parroquia de Santiago**

Pola presente remítese anuncio relativo ao trámite de información pública do EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN SOBRE A TITULARIDADE do paso que se sitúa ao longo do peche construído no lugar de Vigo, parroquia de Santiago, coordenadas ETRS89 zona 29S (punto de inicio 634.982 / 4.811.909, punto de fin 634.899 / 4.811.879), para que ao abeiro do artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, se proceda a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia.

Mondoñedo, 23 de xullo de 2024.- O Alcalde - Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 2279

**MONTERROSO***Anuncio*

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 4 de xuño de 2024 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola participación nas actividades organizadas na ocioteca do Concello de Monterroso. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 12 de xuño de dous mil vinte e catro sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PARTICIPACIÓN NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS NA OCIOTECA MUNICIPAL****“DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Queda suspendida a aplicación da Ordenanza fiscal na súa totalidade ata a súa modificación ou derogación expresa.

Esta suspensión quedará condicionada a que o Concello conte con axudas públicas para sufragar os custes do servizo polo que si se deixan de recibir estas axudas levantarase esta suspensión previo acordo plenario e publicación no Boletín oficial da Provincia de Lugo.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente modificación da ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín oficial da Provincia de Lugo, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas. “

Monterroso, 29 de xullo de 2024.- O alcalde, Eloy Pérez Sindin.

R. 2286

**OUTEIRO DE REI***Anuncio*

Por Resolución da alcaldía de data 24 de xullo de 2024, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondente ao 3º bimestre do exercicio 2024, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido no Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 de agosto ata o 16 de agosto de 2024. Contra o acto de aprobación do padrón e da liquidación de tributos municipais incorporada a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.



A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exigencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Outeiro de Rei, 24 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 2287

## O SAVIÑO

### *Anuncio*

#### **NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Por Resolución de Alcaldía num. 2024/0227, de data 24 de xullo de 2024, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de xuño de 2024, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias de Servizos Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, art. 22 da ordenanza reguladora municipal do SAF e art. 5 da ordenanza do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviño, 24 de xullo 2024.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2288

## SOBER

### *Anuncio*

#### **RESOLUCIÓN**

#### **Exp. 331/2024 Estabilización do emprego temporal do Concello de Sober.**

#### **ANTECEDENTES:**

O Concello tramita o expediente dos procesos selectivos correspondente a estabilización de emprego temporal do Concello de Sober incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do 2022 ditadaoabeiro do disposto na Lei20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Por Decreto de data 06.06.2024 (B.O.P. de Lugo núm. 135, do 12.06.2024) apróbanse as bases e a convocatoria de UNHA praza de auxiliar do servizos de axuda no fogar .a través do sistema de selección de CONCURSO-OPOSICIÓN.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coas Bases que rexen este proceso selectivo, en uso das atribucións que me confire a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e o Decreto de delegación de competencias núm. 2024-0236,

**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**-Aprobar a seguinte listaxe provisional dos/as aspirantes admitidos/as excluídos/as no proceso selectivo antes referido:

**ADMITIDOS**

Nº Rexistro de Entrada	Nome e Apelidos	Titulación	Celga
1474/2024	SOFIA PEREIRO PEREZ	Tecnica en atencion a persoas dependentes	si
1481/2024	M. <sup>a</sup> .ISABEL PEREZ PEREZ	Certificado profesionalidade de atencións sociosanitaria a persoas no domicilio	no
1485/2024	NOELIA VAZQUEZ CARNERO	Auxiliar enfermería	si
1487/2024	LORENA RODRIGUEZ FERNANDEZ	Tecnica en atencion a persoas dependentes	si
1492/2024	MARIA ANGELES MARIÑO GONZALEZ	Tecnica en atencion a persoas dependentes	no
1518/2024	MARIA DOLORES MARTINEZ FERNANDEZ	Certificado profesionalidade de atencións sociosanitaria a persoas no domicilio	no
1525/2024	LORENA BLANCO SANCHEZ	Certificado profesionalidade de atencións sociosanitaria a persoas no domicilio	SI
1543/2024	M. <sup>a</sup> .CRISTINA VIVIRIDO QUEVEDO	Tecnica en atencion a persoas dependentes	SI
1567/2024	JOSEFA RODRIGUEZ MOA	Certificado profesionalidade de atencións sociosanitaria a persoas dependentes insti. sociais.	SI
1575/2024	ENEROLISA CASTILLO DE LEON	Certificado profesionalidade de atencións sociosanitaria a persoas dependentes insti. sociais.	SI
1579/2024	MILADY ANTONIA ALCANTARA TEJADA	Tecnica en atencion a persoas dependentes	NO
1592/2024	MARIA CRISTINA GONZALEZ GARCIA	Certificado profesionalidade de atencións sociosanitaria a persoas no domicilio	SI
1613/2024	JOSEFA MARTINEZ FIGUEIRAS	Certificado profesionalidade de atencións sociosanitaria a persoas dependentes insti. sociais.	SI
1620/2024	SOFIA PEREZ MARTINEZ	Tecnica en cuidados auxiliares de enfermería	no
1624/2024	SOFIA ELVIRA FERNANDEZ FERNANDEZ	Certificado profesionalidade de atencións sociosanitaria a persoas dependentes insti. sociais.	SI
1655/2024	MARIA DEL CARMEN GIL BELLO	Certificado profesionalidade de atencións sociosanitaria a persoas dependentes insti. sociais.	SI
1665/2024	ROSANA COUTADO RODRIGUEZ	Tecnica en atencion a persoas dependentes	SI

**EXCLUÍDOS**

Non hai

**SEGUNDO.**-A lista provisional de admitidos/as e excluídos/as publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/board>).

De conformidade co disposto na Base 6ª das que rexen este proceso selectivo, dispónse un prazo de **10 días laborais**, contados desde o seguinte día da publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Dispoñen do mesmo prazo as persoas que, tendo presentado debidamente a solicitude no proceso, non consten nin como admitidas nin como excluídas na listaxe publicada.

Sober, 23 de xullo de 2024.- O Alcalde, Por abstención, (Resolución do 27.05.2024), O Primeiro Tenente de Alcalde, Francisco Vázquez Pérez.

R. 2289

## XERMADE

### Anuncio

#### Establecemento prezos públicos XIX Festa das Persoas Maiores

En cumprimento do disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/07/2024 aprobouse o establecemento dos prezos públicos pola asistencia á XIX Festa das Persoas Maiores, co seguinte detalle:

- 15€ para persoas empadroadas no Concello
- 30€ para persoas non empadroadas no Concello

Xermade, 26 de xullo de 2024.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2290

## MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUCENSE

### Anuncio

#### APROBACIÓN DEFINITIVA DOS ORZAMENTOS XERAIS 2024

Definitivamente aprobados os presupostos desta Mancomunidade para o exercicio 2024, segundo acordo acadado pola Asemblea Plenaria desta corporación na súa sesión extraordinaria celebrada o día 20 de xuño de 2024, ao non se presentaren reclamacións no prazo de exposición ao público anunciado no BOP de Lugo nº 24 do 27/06/2024, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, faise público que o devandito Orzamento ascende, tanto en Gastos como en Ingresos, á contía de CENTO SETENTA E DOUS MIL TRESCENTOS SETENTA E CATRO EUROS (172.374 €) correspondendo a cada capítulo as cantidades que se relacionan segundo o seguinte detalle:

#### RESUMO POR CAPÍTULOS

##### INGRESOS

Capítulos	Denominación	euros
<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1.-	Impostos directos .....	0,00
2.-	Impostos indirectos .....	0,00
3.-	Taxas e outros ingresos .....	4.774,00
4.-	Transferencias correntes .....	167.600,00
5.-	Ingresos patrimoniais .....	0,00
<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		
6.-	Alleamento de inversións reais .....	0,00
7.-	Transferencias de capital .....	0,00
8.-	Activos financeiros .....	0,00
9.-	Pasivos financeiros .....	0,00
<b>TOTAL INGRESOS .....</b>		<b>172.374,00</b>

**GASTOS**

<b>Capítulos</b>	<b>Denominación</b>	<b>euros</b>
<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>		
1.-	Gastos de persoal .....	85.072,38
2.-	Gastos en bens correntes e de servizos .....	81.801,62
3.-	Gastos financeiros .....	3.500,00
4.-	Transferencias correntes .....	0,00
<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL.</b>		
6.-	Inversións reais .....	2.000,00
7.-	Transferencias de capital .....	0,00
8.-	Activos financeiros .....	0,00
9.-	Pasivos financeiros .....	0,00
<b>TOTAL GASTOS .....</b>		<b>172.374,00</b>

Así mesmo, na referida sesión apróbase o cadro de postos de traballo desta Mancomunidade que, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril, se reproducen a continuación:

**A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA**

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>Nº PRAZAS</b>	<b>GRUPO</b>	<b>NIVEL C.D.</b>	<b>C. ESPECÍFICO</b>
---------------------	------------------	--------------	-------------------	----------------------

**SECRETARIO-INTERVENTOR**

- HAB NACIONAL ACUMULACIÓN	1	A1/A2	---	---
-------------------------------	---	-------	-----	-----

**TOTAL FUNCIONARIOS DE CARREIRA UN (1)**

**B) PERSOAL LABORAL FIXO**

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>Nº PRAZAS</b>
---------------------	------------------

**Interinidade indefinida**

AUXILIAR ADMINISTRATIVO-SERVIZOS XERAIS	1
AXENTE DE DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO E XERENTE DO PST	1
<b>Persoal laboral fixo Plan Sostenibilidade Turística (PST)</b>	
TÉCNICO EN MATERIA TURÍSTICA	2
<b>TOTAL PERS. LABORAL FIXO</b>	<b>4</b>

Barreiros, 29 de xullo de 2024.- A PRESIDENTA, Rocío López García.

R. 2278